

Termos para definir

Bloque 2. Historia Moderna (século XVIII)

- ***Antigo Réxime***: sistema político, económico e social que se iniciou na Europa do século XVI e que acadou a súa plenitude no século XVIII; é tamén outra denominación dada polos historiadores á Idade Moderna. Caracterizouse por unha economía de base agraria, a pervivencia das estruturas feudais, a sociedade estamental baseada nos privilexios dunha minoría e a monarquía absoluta como forma de goberno. Este sistema entro en crise coa Revolución Francesa e os cambios que derivaron dela.
- ***Catastro de Ensenada***: primeiro censo moderno de Castela, feito para avaliar as riquezas dese reino durante o reinado de Fernando VI, a instancias do seu ministro, o Marqués da Ensenada. Iniciado no ano 1749, elaborouse ata 1753 coa axuda dos intendentes. O seu obxectivo era a racionalización do sistema fiscal castelán, atendendo á filosofía do reformismo borbónico e, na práctica, supoñía a implantación da Contribución Única. Como este novo tributo tamén debería ser pagado polos estamentos privilexiados, estes rexeitárono e frustraron a súa aplicación. O Catastro de Ensenada constitúe unha fonte de gran valor para o estudo da economía e a demografía castelá da época.
- ***Decretos de Nova Planta***: conxunto de decretos promulgados por Felipe V, entre os anos 1707 e 1716, que impoñían a organización político-administrativa de Castela nos territorios da Coroa de Aragón (Aragón, Cataluña, Valencia e Mallorca), que deste xeito perdían os seus privilexios forais, leis e institucións propias. Isto debeuse ao apoio que os territorios aragoneses lle deron ao outro pretendente ao trono español, Carlos de Austria, no contexto da Guerra de Sucesión. Así, implantouse un modelo de Estado máis centralista e a Monarquía Hispánica, aínda que Navarra e as provincias vascas mantiveron os seus foros por ter apoiado a Felipe V.
- ***Despotismo ilustrado***: forma de goberno característica das monarquías absolutas europeas da segunda metade do século XVIII. Sen alterar os principios do Antigo Réxime (absolutismo político e sociedade estamental), aplicábanse reformas sociais, económicas e administrativas baseadas nos principios ilustrados de racionalización e progreso, para

promover o benestar dos súbditos da Coroa (ideas reflexadas no lema “todo para o pobo, pero sen o pobo”. O impacto da Revolución Francesa fixo paralizar todas as reformas desta forma de goberno, que en España contou con Carlos III como máximo expoñente.

- ***Motín de Esquilache***: levantamento popular acontecido en Madrid no ano 1766 contra as medidas impulsadas polo marqués de Esquilache, ministro de orixe italiano do rei Carlos III. O motín tivo como detonante a publicación dun bando que prohibía os xogos de azar, o uso da capa longa e o sombreiro de ala ancha (xa que estes últimos permitían ocultar de noite armas e a propia identidade). Sen embargo, tras a revolta hai causas máis profundas, como a crise de subsistencia derivada da carestía do pan, o rexeitamento aos ministros italianos e a oposición ás medidas reformistas por parte da nobreza e o clero. Como resultado deste motín, Esquilache caeu e o programa reformista pasou a ser dirixido por ministros españois.
- ***Paz de Utrecht***: tratados de paz que puxeron fin á Guerra de Sucesión española, que enfrontara ás casas de Borbón e Habsburgo polo control do trono español a comezos do século XVIII. Firmado na cidade holandesa de Utrecht no ano 1713 (e complementada co tratado de Rastatt en 1714), supuxo a creación dun novo sistema de relacións internacionais baseado no equilibrio entre as grandes potencias europeas. Felipe V de Borbón foi recoñecido como rei de España e os seus territorios americanos, aínda que tivo que renunciar aos seus dereitos ao trono francés e facer concesións territoriais a Gran Bretaña (Xibraltar, Menorca e privilexios comerciais con América), Austria e Saboia, o que supuxo para España a perda de todas as posesións europeas, e o inicio da hexemonía británica.
- ***Regalismo borbónico***: política de control e limitación do poder da Igrexa católica levada a cabo polos Borbóns na España do século XVIII, no marco da potenciación do absolutismo real. Este principio defendía a superioridade da autoridade dos reis sobre a da Igrexa, o que levou a impoñer medidas como o padroado rexio (dereito de presentar ou nomear candidatos para ocupar sedes eclesiásticas vacantes) ou o dereito do rei a autorizar a publicación dos escritos papais no reino. Destacou, sobre todo, a expulsión dos xesuítas (que tiñan voto de obediencia directa ao Papa) e a confiscación dos seus bens en 1767, durante o reinado de Carlos III, tras ser acusados de promover unha conspiración política instigando o motín de Esquilache.